

**PREGO ÚNICO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE COMO LEI FUNDAMENTAL DO CONTRATO, HABERÁ DE REXE-LO CONCURSO TRAMITADO, POR PROCEDIMENTO ABERTO, PARA ADXUDICAR MEDIANTE CONCESIÓN A XESTIÓN INDIRECTA DO SERVICIO PÚBLICO MUNICIPAL DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA.**

**1ª.- OBXECTO DO CONTRATO DE XESTIÓN INDIRECTA E MODO DE REALIZAR A PRESTACIÓN DO MESMO.**


1.- É obxecto do contrato a prestación en réxime de xestión indirecta a concesión do SERVICIO DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS NO CONCELLO DE SILLEDA, mediante a explotación, conservación e mantemento da estación depuradora de augas residuais (EDAR) emprazada en Ponte.

2.- A prestación do devandito servicio comprenderá a realización das actuacións que se recollen na base 2ª do prego de prescricións técnicas particulares complementario do presente prego de cláusulas económico-administrativas, cumprindo os caudais, índices, e condicións de depuración que se sinalan nas bases 3ª a 9ª do prego de prescricións técnicas.

3.- Para a prestación do servicio, o concesionario deberá dispoñer dos medios persoais, vehículos e medios materiais precisos, que en todo caso deberán cumprir as especificacións contempladas nos capítulos IV e V do prego de prescricións técnicas, sin prexuízo das melloras que poida ofertar no procedemento licitatorio, que se incorporarán, no seu caso, unha vez aceptadas polo órgano de contratación, ó obxecto do contrato.

4.- O concesionario, está obrigado a concertar cunha compañía de seguros unha póliza de responsabilidade civil que garante a que poida contraer fronte a terceiros e fronte ó Concello, iniciándose a vixencia da mesma desde que se firma a acta de iniciación do servicio, con cobertura mínima de **601012,00 €** por sinistro e de responsabilidade patronal para cada anualidade.

5.- Dado que o servicio a xestionar polo concesionario é público, a relación de aquel coa administración concedente, será a propia da xestión indirecta dos servicios publicos mediante concesión, reservándose o Concello os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha do servicio, podendo inspeccionar en todo momento a súa prestación e os medios materiais empregados, podendo dictalas ordes e instrucións oportunas para garantir a súa prestación nos



términos do presente prego e no prego de prescricións técnicas, ordes que serán de obrigado cumprimento para o concesionario.

6.- En todo o non previsto na presente cláusula, en canto ó modo de execución do contrato, estarase ó disposto no prego de prescricións técnicas.

## **2ª.- PREZO DO CONTRATO.**

Non se establece tipo de licitación, polo que os participantes no concurso proporán na súa oferta a retribución económica ou prezo, que desexen percibir pola prestación dos seus servizos

Neste entenderase incluído o IVE así como os gastos xerais e o beneficio empresarial..

## **3ª.- PAGO DO PREZO**

A retribución do concesionario será feita con cargo ó importe das tarifas cobradas ós usuarios ou abonados do servizo, tarifa que autofinanciará os custos do servizo, así como a amortización dos investimentos que no seu caso poida ofertala empresa concesionaria.

## **4ª.- DURACIÓN DO CONTRATO E PRAZO DA CONCESIÓN.**

A duración do contrato da concesión establécese en DOUS ANOS a contar dende a data da notificación da súa adxudicación.

Nembargantes, o Concello resérvase o dereito a rescata-la concesión antes do seu vencemento, sempre que o xustifiquen razóns de interese público, así como a súa resolución nos casos previstos no presente prego. Excepto cando o rescate ou resolución estea baseado en motivos imputables ó concesionario, procederá que o Concello indemnice ó concesionario nos términos que proceda.

O contrato de concesión poderá ser obxecto de prórroga, mediante acordo expreso das partes manifestado por escrito no prazo de dous meses anteriores ó vencemento do contrato. As prórrogas serán anuais, renovándose sucesivamente por acordo expreso entre as partes que deberá formalizarse por escrito dentro dos dous meses anteriores ó vencemento das devanditas prórrogas. A duración total do contrato, incluídas prórrogas, non poderá exceder de 15 anos.

## **5ª.- PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.**

A selección do contratista efectuarase a través do procedemento aberto mediante concurso, de conformidade co artigo 85 do TRLCAP.



O presente procedemento será declarado urxente, cos efectos previstos na TRLCAP en canto a redución de prazos. Dita urxencia motívase na necesidade de axilizar a iniciación na prestación do servizo, ó vencer o actual contrato para a explotación e mantemento da EDAR.

#### **6ª.- CAPACIDADE PARA PARTICIPAR NA CONTRATACIÓN.**

Poderán participar no proceso contractual as persoas físicas e xurídicas, éstas por medio dos seus representantes legais con copia da escritura pública do poder que ó seu favor se outorgase, tendo o mesmo que estar bastanteado suficientemente, sempre que as mesmas se atopen en pleno goce da súa capacidade xurídica e de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica nos termos establecidos pola lexislación vixente, en concreto os artigos, 16 y 19 da Lei 13/1995.

Nos supostos de que concurran á licitación empresas estranxeiras non comunitarias, estarase ó disposto no artigo 23 do TRLCAP.

Podrá contratarse con unións de empresas que se constitúan temporalmente ó efecto sin que sexa precisa a formalización de esas unións temporais en escrituras públicas ata despois de que se efectúe a adxudicación, respondendo as empresas que formen a unión de maneira solidaria diante da administración contratante, polo que nomearán un representante ou apoderado único. A duración das unións temporais de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

#### **7ª.- EXAME DO EXPEDIENTE.**

O expediente contractual que regula este Prego e os documentos técnicos e administrativos que de él forman parte, poderán ser examinados na Secretaría Xeral do Concello en horario normal de atención ó público, entre as 9.00 h e as 14.00 horas, durante o prazo establecido para a presentación de proposicións.

#### **8ª.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN E DOCUMENTACIÓN A UNIR ÁS MESMAS.**

A presentación de proposicións e documentación a unir ás mesmas, axustarase as seguintes regras:

8.1.- LUGAR E PRAZO: As proposicións para concurrir á contratación que regula este Prego presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de TRECE DÍAS NATURAIS, contándose o prazo sinalado, tras a publicación da convocatoria de concurso no Diario Oficial de Galicia (DOGA)

8.2.- FORMALIDADES: As proposicións por medio das que se concurra á contratación convocada, presentaranse en DOUS SOBRES:




A) Subtitulado “DOCUMENTACIÓN” no que se introducirán os seguintes documentos:

- \* Xustificante de haber constituído a garantía provisoria.
- \* Fotocopia compulsada do DNI da persoa que firme a proposición tanto se concurre á contratación como persoa individual, coma no caso de que o faga no nome e representación dunha persoa xurídica..
- \* Fotocopia compulsada do CIF da empresa.
- \* Declaración responsable de non estaren incurso a persoa física ou xurídica , e no seu caso os administradores desta última, en ningunha das prohibicións para contratar coa administración , aludindo expresamente á circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes, sin prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba exixirse antes da adxudicación ós que vaian a resultar adxudicatarios do contrato, para o que se lles concederá un prazo máximo de cinco días hábiles.
- \* Xustificación da solvencia económica e financeira dos concurrentes por un ou varios dos medios sinalados no artigo 16 do TRLCAP.
- \* Xustificación da solvencia técnica dos concurrentes por un dos medios sinalados no artigo 19 da TRLCAP, ós que se deberá engadir, como requisito inexcusable, certificado expedido pola Administración competente que acredite, haber desempeñado cumpridamente a prestación de servizos de explotación, conservación e mantemento de estacións depuradoras de augas residuais de máis de 2000 habitantes.
- \* Copia escritura de poder bastantado polo Secretario do Concello se se actúa no nome e representación doutra persoa.
- \* No caso de persoas xurídicas, copia da escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito fora exixible conforme á lexislación mercantil. Se non o fora , a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

No suposto de que o propoñente sexa unha unión temporal de empresas, presentarase compromiso de constitución da mesma, suscrito polos empresarios ou os seus representantes.

B) Subtitulado “PROPOSICIÓN”, que conterà os seguintes documentos:

1) Oferta económica en modelo recollido no anexo I do presente prego. Dita oferta deberá ir acompañada dun estudo económico-financieiro do servizo, tanto en gastos fixos como variables, en concepto de persoal, gastos de conservación e mantemento, seguros, enerxía, transporte de residuos sólidos e fangos secos, consumo de reactivos químicos e resto de custes previsibles, ós que se lle engadirá a previsión de gastos xeris e beneficio industrial, e os impostos e taxas correspondente. Igualmente, acompañarase unha memoria



sobre a organización e prestación do servizo, con expresión dos medios humanos e materiais e organización (describindo o mantemento predictivo, preventivo e correctivo) conservación e explotación da estación depuradora.

2) Plan de seguemento anual que se recolle na Prescricións Técnicas.

3) Melloras que se oferten , que poderán consistir en calquera das seguintes:

A) Prestación de servizos de limpeza de fosas sépticas públicas, sumideiros, e redes de saneamento municipal. Deberase describirse con detalle este servizo, valorando o seu custe( que en ningún caso poderá repercutirs no Concello), cuantificando as operacións de limpeza que se oferten, indicando, frecuencias, número de fosas ou tramos de rede.

B) Realización de obras de reforma, mellora ou ampliación da estación depuradora ou das redes municipais de saneamento

#### **9ª.- COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN E ACTUACIÓNS DESTA NA CELEBRACIÓN DA LICITACIÓN.**

O acto licitatorio é público e celebrarase previa constituición da Mesa de Contratación ás DOCE horas do primeiro día natural seguinte ó da finalización do prazo para presentar proposicións, salvo que dito día coincida cun sábado, domingo ou festivo, suposto no que a licitación tería lugar á mesma hora o primeiro día hábil posterior.

A Mesa de Contratación estará integrada da seguinte maneira:

- Presidente da Mesa: O Alcalde do Concello ou Tenente de Alcalde ó que, segundo orde de nomeamento , corresponda a substitución.

- Vocais de Mesa: O Secretario do Concello, que actuará ademáis como secretario da Mesa, O Interventor do Concello, un representante dos Servizos Técnicos Municipais e dous vocais nomeados polo Alcalde.

A Mesa por separado levará as seguintes actuacións:

9.1 Apertura e calificación da documentación: Consistirá en examinar a documentación aportada polos concurrentes (sobre A), calificando a mesma e determinando que as proposicións presentadas que non se axusten á documentación que aportan ó contido estrito do apartado a) do punto 8.2 da cláusula 8ª deste prego, non serán admitidas á licitación.

9.2 Apertura de Proposicións ( Sobre B).- consistirá na apertura do sobre. A Mesa poderá recabalos informes oportunos a efectos de levar a cabo unha valoración do concurso e, en todo caso, desenvolver as súas deliberacións sen publicidade, sen perxucio do dereito de audiencia que en todo momento se recoñece ós interesados no procedemento e de que , no momento oportuno, se informe ós concurrentes do resultado da valoración.

A Mesa, finalizadas as actuacións, elevará ó órgano de contratación que teña que efectuar a adxudicación a documentación presentada polos participantes no concurso e as proposicións de éstos, coa acta e a proposta de adxudicación do concurso a favor de algún dos licitadores ou ben, unha proposta de declara deserto o concurso convocado.

### **10ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN QUE HAN DE SERVIR DE BASE PARA A ADXUDICACIÓN POR CONCURSO DA CONCESIÓN.**

A Mesa de contratación efectuará a valoración do concurso de acordo ós criterios que se establecen a continuación, por orde decrecente de importancia:

1º.-Oferta económica: valorarase de 0 a 12 puntos, asignándose 12 puntos á mellor oferta presentada, puntuándose as demáis en proporción á baixa respectiva.

2º.- Melloras consistentes na realización de obras de mellora, reforma ou ampliación da estación depuradora ou das redes municipais de abastecemento e saneamento: valoraranse de 0 a 10 puntos, segundo o montante económico das melloras, asignándose 10 puntos á mellor oferta presentada, puntuándose as demáis en proporción á devandita oferta.

3º.-Melloras consistentes en prestación de servicios de limpeza de fosas sépticas públicas, sumideiros ou redes de saneamento municipal: valoraranse de 0 a 8 puntos atendendo á súa valoración económica e á cantidade de servicios ofertados, asignándose 8 puntos á mellor oferta, puntuándose as demáis de maneira proporcional.

4º.-Plano de seguemento anual: valorarase de 0 a 5 puntos o plano de seguemento anual formulado polo licitador, atendendo á súa calidade técnica e a súa repercusión na calidade do servicio prestado.


Con independencia do anterior, en calquera caso, á vista das proposicións formuladas, a Mesa de Contratación poderá propoñer ó órgano competente para efectuar a adxudicación que declare deserto o concurso, naqueles casos nos que se estime fundadamente que ningunha das ofertas garantiza unha óptima prestación do servicio.

### **11ª.-PRAZO DE ADXUDICACIÓN E NOTIFICACIÓN DA MESMA.**

Á vista da proposta formulada pola Mesa de Contratación o órgano competente, adxudicará o concurso e, polo tanto, a concesión do servicio no prazo de Mes e medio contado desde a data da apertura das proposicións..

De non adoptarse acordo de adxudicación no prazo sinalado, os admitidos ó concurso terán dereito a retirar a súa proposición e a que se lles devolva ou cancele a garantía provisional que xa prestaren.

O acordo de adxudicación, será notificado a tódolos participantes na licitación.



## 12ª.- DOCUMENTOS COMPLEMENTARIOS A APORTAR POLO ADXUDICATARIO ANTES DA FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Para poder formalizar o contrato , o adxudicatario deberá presentar dentro do prazo correspondente, os seguintes documentos:

- \* Alta no municipio de Silleda no Imposto de Actividades Económicas ou, no seu caso, recibo de pago do IAE do último exercicio, ou acreditación de tela de carácter provincial ou nacional.
- \* Resgardo de constitución da garantía definitiva.
- \* Póliza de seguro de responsabilidade civil, nos términos da cláusula 1ª.4 do presente prego.
- \* No caso de que o adxudicatario sexa unha U.T.E., escritura pública de constitución da mesma.

## 13ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Trala adxudicación definitiva formalizárase o contrato en documento administrativo dentro do prazo de TRINTA DÍAS NATURAIS a contar desde o seguinte ó da notificación da adxudicación, sempre que exista constancia de que foron aportados polo adxudicatario os documentos complementarios definidos na precedente cláusula.

Se o contrato non puidera chegar a formalizarse polas causas que foran, actuarase de acordo ó disposto no artigo 54.3 e 4 do TRLCAP.

Dado o carácter urxente da contratación, a Administración poderá ordenar o inicio da execución do contrato antes da súa formalización.

## 14ª.- RISCO E VENTURA E REVISIÓN DE PREZOS.

O Concesionario xestionará o servizo ó seu risco e ventura, non tendo dereito a indemnización algunha polas avarías, perdas, ou prexuízos que poidan ocasionárselle con motivo da prestación do servizo a que se refire a concesión, excepto casos de forza maior.

Transcorrido o primeiro ano de duración da prestación do servizo, o prezo de adxudicación poderá ser obxecto de revisión, a petición do concesionario, aplicando o índice de prezos ó consumo facilitado polo INE..

## 15ª.- PRESTACIÓN DE GARANTÍAS.

A contratación que regula este prego queda sometida ó seguinte réxime de prestación de garantías:

- \* PROVISORIA: 1202 €.



\* DEFINITIVAS: (só adxudicatario): 4% do importe da adxudicación incrementado co 4% do importe económico das melloras de obra ofertadas.

Tanto unha como a outra poderán constituírse en calquera das formas admitidas nos artigos 36 e 37 do TRLCAP.

#### **16ª.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS FISCAIS, SOCIAIS E LABORAIS.**

O concesionario está obrigado baixo a súa específica, exclusiva e persoal responsabilidade en tódalas ordes, da que expresamente exime á Administración concedente, a cumprir estritamente as disposicións legais vixentes en materia fiscal, laboral, de Seguridade Social, de seguridade e hixiene no traballo e de previsión de riscos laborais e así o terá que acreditar.

O Concello poderá, en calquera momento, solicitala acreditación destes extremos.

#### **17ª.- INICIO DA PRESTACIÓN DO SERVICIO.**

A prestación do servizo iniciarase unha vez formalizado o contrato ó día seguinte de dita formalización, ou con anterioridade se a Administración así o orde, ó abeiro do carácter urxente do contrato. Da devandita iniciación levantarase Acta, na que se recollerá detalladamente o estado das instalacións da depuradora que o Concello cede en uso ó concesionario.

#### **18ª.- RÉXIME DE INFRACCIÓNS E A SÚA SANCIÓN.**


O adxudicatario da concesión, durante ou co motivo da xestión do servizo pode cometer incumprimentos que se clasifican en moi graves, graves e leves.

Son incumprimentos moi graves:

- A non prestación do servizo durante máis de dous días sen causa xustificada.
- A cesión, transferencia, novación ou subarrendo da concesión sen autorización do Concello.
- A desobediencia reiterada por máis de dúas veces ás ordes ou escritos relativos á forma e réxime do servizo procedentes do Concello.
- A comisión de alomenos dúas faltas graves nun período de tres anos.

Son incumprimentos graves:

- Os defectos graves na conservación dos medios adscritos á concesión.
- A interrupción inxustificada na prestación do servizo.





- A inobservancia das prescricións técnicas particulares que rixen o contrato ou o incumprimento das ordes do Concello para evitar situacións molestas ou insalubres, de modo que elo determine que o servizo sexa manifestamente defectuoso ou irregular.
- O trato incorrecto ós usuarios do servizo, denunciado, por escrito, alomenos, dúas veces.
- O incumprimento das súas obrigas laborais e sociais con persoal que empregue.
- A comisión de dúas ou máis faltas leves nun período de tres anos.

Son incumprimentos leves:

Todas aquelas non definidas como moi graves ou graves que poidan afectar ó normal desenvolvemento da prestación do servizo sin causar a este ou a aquelas perxucios ostensibles.

En calquera caso a comisión de infraccións por parte do concesionario debe ser acreditada de maneira que faga fe e que non ofrezca dúbidas e, previa a tramitación do oportuno expediente. A tal fin, elo poderá dar lugar a que se lle apliquen as seguintes,

## CLÁUSULAS PENAIS


- Os incumprimentos moi graves darán lugar a imposición de multas entre 3005,06 € e 6010,12€ salvo que conforme ó previsto no artigo 167 do TRLCAP, poidan dar lugar á resolución do contrato, sendo este o caso en que o órgano de contratación poderá optar por esta última se elo resulta máis conveniente para os intereses públicos.
- Os incumprimentos graves, a multas entre 601,01.- €.- e 3005,06 Euros..
- Os incumprimentos leves a multa en ningún caso inferior a 150,25 € .

O órgano municipal competente para a aplicación das cláusulas penais será o Pleno, cando se trate de incumprimentos moi graves e o Alcalde, cando se trate de incumprimentos graves ou leves.

## 19ª.- CAUSAS DA RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

Son causas de resolución do contrato da concesión , as previstas no artigo 111 do TR LCAP, con excepción das súas letras e) e f) e ademáis, de acordo co sinalado no artigo 167 do mesmo texto legal as seguintes:

- A demora superior a seis meses por parte de la Administración na entrega ó contratista da contraprestación ou dos medios auxiliares a que se obrigou segundo o contrato.
- O rescate do servizo pola Administración.
- A supresión do servizo por razóns de interese público.
- A imposibilidade da explotación do servizo como consecuencia de acordos adoptados pola administración con posterioridade ó contrato.



Os efectos da resolución da concesión serán os previstos no artigo 169 do TR LCAP.

## **20ª.- DEREITOS E OBRIGAS RECÍPROCAS DO CONCESIONARIO E DO CONCELLO.**

### **20.1. DEREITOS DO CONCESIONARIO:**

- 20.1.1.- Ó uso dos medios materiais cedidos polo Concello nos termos concesionais.
- 20.1.2.- A obter auxilio e protección da Administración concedente para o normal desenvolvemento da prestación do servizo.
- 20.1.3.- Ó mantemento do equilibrio económico-financieiro d concesión mentras esta dure, particularmente no suposto de modificacións do servizo impostas polo Concello que signifiquen un aumento do custo da súa prestación ou unha diminución da retribución a percibir.

### **20.2.- OBRIGAS DO CONCESIONARIO:**

- 20.2.1.- Desenvolver o obxecto da concesión nos termos establecidos pola cláusula 1ª deste Prego, incluíndo as melloras ofertadas, que pasarán a formar parte integrante do obxecto contractual..
- 20.2.2.- Dar conta ó Concello das incidencias que se produzan no servizo
- 20.2.3.- Responder diante terceiros dos danos que poidan producirse como consecuencia do funcionamento do servizo concedido, salvo cando se trate de danos causados directamente como consecuencia de ordes concretas da Administración.
- 20.2.4.- Non enaxenar, nin gravar bens ou instalacións que deban revertir ó Concello concedente.
- 20.2.5.- Organizar e desenvolver cantas actividades sexan precisas para o máis estricto cumprimento dos fins concesionais.
- 20.2.6.- Poñer a disposición do servizo o persoal capacitado e que dispoña de cualificación suficiente e os medios materiais precisos para a prestación do servizo, sen que, en ningún caso o Concello asuma responsabilidade ningunha de tipo laboral ou de Seguridade Social respecto deste persoal.
- 20.2.7.- Presentación anual, mentras dure a concesión dun informe periódico trimestral sobre a marcha do servizo, cos datos dos ensaios e análises realizadas.

### **20.3.- DEREITOS DO CONCELLO.**

- 20.3.1.- A ordenar as modificacións que por razóns de interese público considere conveniente introducir na prestación do servizo.
- 20.3.2.- Inspeccionar e vixiar o debido cumprimento das obrigas derivadas da concesión e en xeral, a fiscalizala xestión do concesionario polos medios que se consideren oportunos, inspeccionando o servizo, maquinaria, instalacións, vehículos, persoal e todo o relacionado co obxecto da concesión.



#### **20.4.- OBRIGAS DO CONCELLO.**

20.4.1.- Indemnizar ó concesionario polo rescate da concesión ou supresión do servicio, agás no suposto de que esta medida fora adoptada como consecuencia de incumprimentos imputables ó concesionario.

20.4.2.- Prestar ó concesionario o auxilio e colaboración que éste recabe para unha mellor execución das obras e da prestación do servicio.



## 21ª.- SECUESTRO DA CONCESIÓN.

O Concello poderá declarar o secuestro da concesión, de acordo coas normas establecidas nos artigos 133 e seguintes, do vixente Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, en concordancia coas disposicións do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e normativa de desenvolvemento desta.

## 22ª.- EXTINCIÓN DA CONCESIÓN.

Son causas de extinción da concesión, ademáis das establecidas nos artigos 167 do TRLCAP, así como nos supostos da caducidade previstos no artigo 136 e 137 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, as seguintes:

- Incurrir en defectos graves na prestación do servizo ou en danos ós bens cedidos polo Concello que volvan a estes irreparables.
- Novación, transferencia ou cesión da concesión ou dos bens a ela afectos cedidos polo Concello, sin autorización municipal. En caso de ser materiais ou maquinaria de propiedade do concesionario, poderá enaxenalos ou gravalos, sempre que se garantice a dispoñibilidade permanente dos medios exixidos neste prego e dos ofertados na licitación..
- Calquera incumprimento de obrigas contractuais esenciais.

## 23ª.- EFECTOS DA EXTINCIÓN DA CONCESIÓN.

1.- A extinción da concesión sen culpa do concesionario dará lugar á devolución da garantía definitiva, sempre que non existan responsabilidades que deba ser satisfeitas con cargo á mesma, o que se acreditará mediante informe da Intervención, e que procedese á reversión dos bens materiais cedidos polo Concello, nos términos do apartado 5 desta cláusula.

2.- Nos supostos de extinción da concesión por causa imputable ó concesionario, a Administración procederá á incautación da garantía, o que se determinará no propio expediente de resolución contractual, e se producirán ademáis os efectos previstos na TRLCAP e o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais para estes supostos.

3.- Nos supostos de rescate da concesión ou supresión do servizo sen culpa do concesionario, así como cando a resolución sexa acordada á súa instancia, sempre sen causa imputable ó mesmo, a indemnización que corresponda determinarase no propio procedemento que dea lugar ó dito rescate ou supresión.

4.- Nos supostos de resolución por mutuo acordo, estarase ó pactado polas partes.

5.- Ademáis, a extinción da concesión dará lugar sempre á reversión dos medios materiais cedidos polo Concello de Silleda, consistentes nas instalacións da estación depuradora de Ponte, en perfecto estado de uso e conservación, para o que, con dous meses alomenos de antelación á finalización do contrato, a Administración adoptará as medidas oportunas, realizando as inspeccións precisas para garantir o cumprimento da presente cláusula.



#### 24ª.- NATUREZA XURÍDICA DO CONTRATO, PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN PARA A SÚA INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

O contrato que regulan as presentes cláusulas ten natureza administrativa, dilucidándose nesta vía e posteriormente diante da xurisdicción contencioso-administrativa as cuestións que con relación ó mesmo se plantexen e rexirase, ademáis de por estas cláusulas, polo disposto no TRLCAP, R.D.Legislativo 2/2000 de 16 de Xuño e Regulamento de Contratos do Estado, R.D. 1098/2001 de 12 de Outubro, Lei 7/1985 de 2 de Abril, e Lei de Administración Local de Galicia.

A administración contratante ante as diferencias e conflitos que poideran xurdir nas súas relacións co contratista, será a encargada de interpretar o contrato como entenda conveniente para os intereses públicas, resolvendo as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificando o mesmo por razóns de interese público ou acordando a súa resolución e os efectos desta.

O órgano competente para resolver acerca das cuestións que xurdan será o órgano de contratación, esgotando os acordos que adopte a vía administrativa, quedando libre e expedita a vía da xurisdicción contencioso-administrativa.

#### 25ª.- GASTOS CONTRACTUAIS A CARGO DO ADXUDICATARIO.

Os gastos que xenere a contratación, incluído os derivados da publicación de anuncios, serán sempre por conta daquel dos concurrentes á mesma que resulte ser o adxudicatario da concesión.

**DILIXENCIA.-** Para facer constar que o precedente Prego de Cláusulas Administrativas foi aprobado mediante acordo adoptado pola Xunta Goberno Local en sesión de 23.06.2011 que se publicou na convocatoria de concurso no Boletín Oficial da Provincia nº.....correspondente ó día....., así como no Perfil do Contratante.

